MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
"Luis Freire"

Volume 24
2021

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

APORTACIÓNS AO COÑECEMENTO DA BIODIVERSIDADE DE *MYXOMYCETES (EUMYCETOZOA)* DE GALICIA (NO. DA PENÍNSULA IBÉRICA)

por

O. REQUEJO [1] & N.F. ANDRÉS-RODRÍGUEZ [2]

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2021. Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de *Myxomycetes* (*Eumycetozoa*) de Galicia (NO. da Península Ibérica). *Mykes* 24: 101-128.

RESUMO

Cítanse 60 *taxa* coroloxicamente interesantes para Galicia aportando datos sobre a súa ecoloxía, localización xeográfica, data de frutificación e hábitat. Entre elas 6 novas citas para Galicia, 6 segundas citas (das que son primeira para a provincia 1 en A Coruña e 2 en Pontevedra) e 15 novas citas provinciais, que corresponden: 2 A Coruña, 1 Lugo, 7 Ourense, e 5 Pontevedra.

Palabras clave: *Eumycetozoa*, *Myxomycetes*, Galicia, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, noroeste ibérico.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2021. Contributions to the knowledge of the biodiversity of *Myxomycetes* (*Eumycetozoa*) of Galicia (NW of the Iberian Peninsula).*Mykes* 24: 101-128.

SUMMARY

60 *taxa* with chorological interest are cited for Galicia providing data on its ecology, geographical location, date of fruiting and habitat. Among them 6 new appointments for Galicia, 6 second appointments (of which are the first for the province 1 in A Coruña

[1]San Xurxo, A Laxe 12B, Salceda de Caselas. 36470-Pontevedra; correo: *oscarequejo@hotmail.com*

[2]Avda. de Castelao, 54, Vigo 36209-Pontevedra; correo: *fandresr@galicia.com*
Membros do *Grupo Micolóxico Galego Luís Freire*.

and 2 in Pontevedra) and 15 new provincial appointments, which correspond: 2 to A Coruña, 1 to Lugo, 7 to Ourense, and 5 to Pontevedra.
Keywords: *Eumycetozoa*, *Myxomycetes*, Galicia, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Iberian northwest.

Introdución

O estudo dos *Myxomycetes* esperta na actualidade cada vez máis o interese dos investigadores. Os avances tecnolóxicos, apoiados na macro e microfotografía dixital, a microscopía electrónica de barrido, e a accesibilidade á secuenciación xenética, facilitan levar a cabo investigacións rigorosas, polo que nos derradeiros anos as publicacións micolóxicas inclúen no seu contido un maior porcentaxe de traballos sobre estes interesantes organismos, e en poucos anos coidamos que comezarán a publicarse revistas específicas dedicadas a este phylum.

Desde fai máis de 30 anos, por algúns investigadores do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire, coa entusiasta axuda dos demais membros, se lle presta especial atención aos mixomicetos, dando como resultado un sobresaínte incremento do coñecemento sobre a súa biodiversidade dentro da área de interese do Grupo, a Comunidade Autónoma de Galicia e as veciñas rexións do Norte de Portugal.

Neste traballo o obxectivo e amosar os achados das visitas nas zonas de estudo, espalladas polas catro provincias galegas, dende o ano 2009 ata a actualidade, que aínda non foron publicados nos traballos dedicados a xéneros ou zonas concretas (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2020).

Metodoloxía

O material estudado procede dos mostraxes realizados polos autores nos doce derradeiros anos aproveitando as excursións micolóxicas mensuais do Grupo Micolóxico Galego e de saídas persoais dos autores non programadas nin dirixidas a hábitats concretos.

A metodoloxía utilizada, tanto para a recollida dos exemplares en fresco, e os substratos para o cultivo en cámara húmida, a preparación e mantemento das placas de Petri dos cultivos, as observacións macro e microscópicas, así como o material e a bibliografía empregada para a identificación se describe con detalle nun anterior traballo (REQUEJO & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, 2020).

Todas as *exsiccata* consérvanse no herbario GMG-myxo (Grupo Micolóxico Galego Luís Freire, Vigo) excepto *Tubifera ferruginosa* (Herbario LOU-Fungi do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, Pontevedra).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Como resultado, preséntase a relación de especies identificadas, ordenadas alfabeticamente. Para cada taxon, todo o material estudado está ordenado por data de recollida e indícanse os seguintes datos corolóxicos: zona de recollida, hábitat, data, *legit* e número de herbario. No caso de proceder de cultivo en cámara húmida, o que tamén se sinala, se inclúe a data de recollida do substrato que se cultivou.

Para a valoración das aportacións corolóxicas se utilizaron como punto de partida os traballos de RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO (2020) e REQUEJO & ANDRÉS-RODRÍGUEZ (2020). Sinálase cun asterisco diante da especie cando é nova cita para Galicia, e diante da provincia cando representa unha primeira cita para esta. Para as primeiras citas galegas engádense notas cos aspectos mais relevantes así como material gráfico.

O criterio taxonómico seguido está baseado nas recentes publicacións de LADO & ELIASSON (2017), LEONTYEV & *et al*. (2019) e LADO & ROJAS (2020), e os nomes dos taxa actualizados e aceptados consultáronse no recurso Web *Eumycetozoa.com* (LADO, 2005-2021).

***Arcyria affinis* Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 276. 1875

*A CORUÑA: Boqueixón, Illas de Gres, 29TNH5438, sobre madeira de

Alnus glutinosa, 15/02/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 325. [Fig. 1]

Segunda cita para Galicia, recentemente citada en Pontevedra (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2020).

Fig. 1 *Arcyria affinis*

***Arcyria cinerea* (Bull.) Pers.**, *Syn. meth. fung.*, 1: 184. 1801

Pontevedra: O Covelo, Paraños, 29TNG5055, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 30/06/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 83. Salceda de Caselas, San Xurxo, 29TNG3662, sobre pequena pola sen identificar, 2/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 309. *Ibidem*, sobre tronco de *Quercus robur*, 4/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 197. *Ibidem*, sobre tronco de *Quercus robur*, 18/01/2018, GMG-myxo 196. *Ibidem*, sobre toco de *Pinus pinaster*, 31/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 232. *Ibidem*, San Xurxo, Laxe, 29TNG3662, sobre madeira degradada de *P. pinaster*, Óscar Requejo, 25/05/2020, GMG-myxo 443.

***Arcyria denudata* (L.) Wettst.**, *Verh. K.K. Zool.-Bot. Ges. Wien*, 35: 535. 1886

Ourense: O Carballiño, 29TNG7598, sobre madeira sen identificar, 24/10/2010, Floro Andrés e Óscar Requejo, GMG-myxo 17.

Pontevedra: Mos, 29TNG3373, madeira de *Pinus pinaster*, 15/08/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 39.

***Arcyria ferruginea* Saut.**, *Flora*, 24(1): 316. 1841

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, San Xurxo, 29TNG3662, sobre toco de *Pinus pinaster*, 30/01/2018, Óscar Requejo. GMG-myxo 201. *Ibidem*, sobre toco de *Pinus pinaster* queimado, 24/01/2019, Óscar Requejo. GMG-myxo 317.

***Arcyria incarnata* (Pers. ex J.F.Gmel.) Pers.**, *Observ. mycol.*, 1: 58. 1796

LUGO: Rábade, As Insuas, 29TPH3062, sobre rama tombada de *Quercus robur*, 15/04/2018, Óscar Requejo, GMG e Sociedade Micolóxica Lucus, GMG-myxo 227.

*OURENSE: Parada de Sil, 29TNG7598, sobre madeira de *Castanea sativa*, 24/11/2013, Floro Andrés, GMG-myxo 128.

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Picoña, 29TNG3662, sobre madeira sen identificar, 20/05/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 77. *Ibidem*, rio Landres, 29TNG3663, sobre madeira sen identificar, 12/11/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 112. O Covelo, Paraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira de frondosa sen identificar, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 257.

***Arcyria obvelata* (Oeder) Onsberg**, *Mycologia*, 70(6): 1286. 1979 (1978)

A CORUÑA: Santa Marta de Ortigueira, Paseo da Ría, 29TNJ9139, madeira degradada sen identificar, 20/06/2010, Cristina García Echave, GMG-myxo 2.

LUGO: Pedrafita do Cebreiro, Faial de Liñares, 29TPH5729, toco de *Fagus sylvatica*, 7/12/2018, J.A. Gándara e Óscar Requejo, GMG-myxo 290.

PONTEVEDRA: Forcarei, 29TNH5315, madeira degradada sen identificar, 14/06/2009, José Antonio Díaz e Floro Andrés, GMG-myxo 1. Salceda de Caselas, sobre *Malus* sp., 20/05/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 78. *Ibidem*, San Xurxo, 29TNG3662, sobre tronco de *Quercus robur*, 2/07/2018, Óscar Requejo. GMG-myxo 240. *Ibidem*, 11/11/2018, GMG-myxo 286. *Ibidem*, sobre toco de *Eucalyptus globulus*, 18/08/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 353. *Ibidem*, sobre tronco de *Quercus robur*, 18/08/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 367. *Ibidem*, 2/11/2019, GMG-myxo 440. *Ibidem*, 15/04/2020, GMG-myxo 433.

***Badhamia foliicola* List.**, *J. Bot.*, 35: 209. 1897

*OURENSE: O Barco de Valdeorras, 29TPG6295, sobre restos

herbáceos, 27/10/2019, Soledad Padín, GMG-myxo 383.

PONTEVEDRA: O Grove, San Vicente do Mar, 29TNH0500, sobre *Helvella lacunosa*, 15/02/2009, José Antonio Díaz e Antonio Prunell, GMG-myxo 3.

***Badhamia nitens* Berk.**, *Trans. Linn. Soc. London*, 21(2): 153. 1853

PONTEVEDRA: Goian, Praia de Eiras, 29TNG1741, sobre cortiza de *Populus nigra*, 24/11/2019, Óscar Requejo. GMG-myxo 393. [Fig. 2]

Recollido en forma de pequeno plasmodio vermiforme de cor amarelo vivo. Unha vez madurado deixou esporocarpos globosos de 0,3-0,4 mm, sésiles o pe rudimentario, con peridio dobre, exterior calcario amarelo esbrancuxado de superficie rugosa, e o peridio interno membranoso. O capilicio con aparencia physaroide, calcario, amarelo, contrastaba coas esporas escuras. Esporas en grupos de 4-20. As esporas son globosas moi deformes, están ornamentadas con espiñas na cara oposta a de unión as outras esporas do grupo. No material estudado (GMG-myxo 393) as medidas esporais foron mais grandes cas da bibliografía consultada, 15-17x15-18 µm, mentres que eran 12-14x11-13 µm en MARTIN & ALEXOPOULOS (1969), 12-14 x 11-

Fig. 2 *Badhamia nitens*

13 µm en Nannenga-Bremekamp (1991), e 10,5-13 (14) x 10-13 µm en Poulain *et al.* (2011). Estas diferencias pódense deber á unha maduración anómala ou incompleta ao ser recollida en forma de plasmodio.

Non se atoparon outras citas para Galicia. É unha especie pouco frecuente, na Península Ibérica só se atopan 5 rexistros na base de datos do GBIF (*Badhamia nitens in* GBIF Secretariat, 2021).

***Badhamia panicea* (Fr.) Rostaf. *in* Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 27-28: 71. 1873

Pontevedra: Goián, Praia de Eiras, 29TNG1741, sobre madeira morta de *Populus nigra*, 24/11/2019, José Rodríguez e Floro Andrés, GMG-myxo 384.

***Ceratiomyxa fruticulosa* (O.F.Müll.) T.Macbr.**, *N. Amer. Slime-moulds*: 18. 1899

Lugo: Abadín, Romariz, Fraga Vella, 29TPJ2411, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 19/09/2018, Floro Andrés e GMG, GMG-myxo 254.

Pontevedra: Forcarei, 29TNH5315, sobre madeira de *Quercus robur*, 14/06/2009, Floro Andrés, GMG-myxo 31. Mos, parque As Pedriñas, 29TNG2772, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 15/08/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 38. Vigo, Beade, 29TNG2569, parque forestal, 10/09/2011, sobre madeira de *Pseudotsuga menziesii*, Óscar Requejo, GMG-myxo 37. Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 13/05/2012, Floro Andrés, GMG-myxo 73. O Covelo, Paraños, 29TNG5055, en toco de *Pinus pinaster*, 30/06/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 82. Marín, Seixo, Río Loira, 29TNG2491, sobre *Salix atrocinerea* tombado, 29/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 237. Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre terra e restos de *Quercus robur*, 16/10/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 259. *Ibidem*, sobre cortiza de *Pinus pinaster*, 28/11/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 293.

***Clastoderma debaryanum* A.Blytt**, *Bot. Zeitung (Berlin)*, 38: 343. 1880

Pontevedra: Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre madeira de *Eucalyptus globulus*, 7/05/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 114.

Segunda cita para Pontevedra (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2017).

***Comatricha anomala* Rammeloo**, *Bull. Jard. Bot. Natl. Belg.*, 46(1-2): 237. 1976

Pontevedra: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre seixos de cuarzo, 24/10/2016, Óscar Requejo, GMG-myxo 174. [Fig. 3]



Fig. 3 *Comatricha anomala*; a-b) esporocarpos no peculiar hábitat da recolección, c) esporas, d) fragmento del capilicio.

Caracterízase de entre outras especies do xénero polo pé que apenas mide a metade total do esporocarpo, sendo de un terzo na maioría dos casos, polo capilicio non enrolado na parte superficial con numerosas terminacións libres, algunhas a modo de espiñas. As esporas globosas median de 7-8,5 µm; no microscopio óptico mostraban pequenas verrugas ou espiñas que formaban debuxos a modo de pequenos retículos incompletos. Na súa descrición orixinal Rammeloo (1976) cita o *holotypus* con esporas de 9-10 µm, mais grandes cas do GMG-myxo 174, non obstante na revisión de Poulain *et al.* (2011) recolle medidas que, aínda que seguen sendo maiores cas do material revisado, aproxímanse bastante máis 7,5-10 µm.

A bibliografía recolle esta especie ligada a madeira morta (Poulain *et al.,* 2011), o material estudado atopouse directamente sobre pedras nun xardín onde non se observaba ningúns restos de materia orgánica. Taxon pouco frecuente, citado máis en Europa que no resto do mundo, en España se atopa sobre todo na zona mediterránea (*Comatricha anomala in* GBIF Secretariat, 2021). É primeira cita para Galicia.

***Comatricha laxa* Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 201. 1874

Pontevedra: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre madeira sen identificar, 5/02/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 107.

***Comatricha nigra* (Pers. ex J.F.Gmel.) J.Schröt. *in* Cohn**, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3-1(1): 118. 1885

A Coruña: Santa Marta de Ortigueira, 29TNJ9239, sobre madeira de *Pinus* sp., 17/02/2013, Floro Andrés, GMG-myxo 111.

Pontevedra: Cangas, Praia de Melide, 29TNG1077, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 15/01/2013, J.C. Alonso, GMG-myxo 102. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre madeira sen identificar, 5/02/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 106. *Ibidem*, sobre tronco de *Quercus robur*, 8/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 191. O Rosal, Pozas de Loureza, 29TNG1448, sobre tronco de *Acacia melanoxylon*, 18/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 195. Salvaterra de Miño, 29TNG4058, sobre restos vexetais, 30/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 256. Bueu, Illa de Ons, 29TNG0591, en cámara húmida MCH908(ONS), 4/09/2019, Floro Andrés. Só creceu un exemplar, polo que tralo estudo non se poido conservar *exsiccata*.

Segunda cita para A Coruña (Cabo Rey, 1995).

***Craterium minutum* (Leers) Fr.**, *Syst. mycol.*, 3(1): 151. 1829

Pontevedra: Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre madeira de *Salix atrocinerea* e liques, 24/02/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 212. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, en cortiza de *Quercus robur*, 1/04/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 202. Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre folla seca de *Rubus fruticosus*, 10/03/2020, Óscar Requejo, GMG-myxo 402.

***Cribraria argillacea* (Pers. ex J.F.Gmel.) Pers.**, *Neues Mag. Bot.*, 1: 91. 1794

PONTEVEDRA: Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre madeira de *Pinus pinea* 13/05/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 86. Salceda de Caselas, San Xurxo, A Laxe, 29TNG3662, sobre madeira degradada de *Pinus pinaster*, 5/05/2020, Óscar Requejo, GMG-myxo 439.

***Cribraria cancellata* (Batsch) Nann.-Bremek.**, *Ned. Myxomyc.*: 92. 1975

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre tronco de *Pinus pinaster* queimado, 11/11/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 288. *Ibidem*, sobre toco de *Pinus pinaster*, 18/08/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 352.

****Cribraria macrocarpa* Schrad.**, *Nov. Gen. Pl. [Schrader]*, pl. 8. 1797

OURENSE: Laza, 29TPG3360, sobre madeira de planifolio sen identificar, 9/12/2011, José Rodríguez e Soledad Padín, GMG-myxo 54. [Fig. 4]

PONTEVEDRA: Salceda Caselas, rio Landres, 29TNG3663, sobre fungo corticiáceo, 8/07/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 350.

Caracterizámola polos esporocarpos pardo amarelentos a ocráceos co pé pardo moi escuro, de máis de 3 mm coa esporoteca subglobosa, o calículo ocupa 1/3 de esta. A rede que



Fig. 4 *Cribraria macrocarpa*; a) detalle del esporocarpo, b) esporas.

forma o peridio e laxa, con numerosas terminacións libres e fragmentada, os nodos con granulacións negras. Esporas de 6-8,5 µm finamente verrugosas. Dúas especies semellantes son *C. rufa* de cor alaranxada e *C. macrospora* que ten as esporas de 10-12 µm (Poulain *et al.* 2011).

Non recollida ata agora nas bases de datos consultadas, polo que coidamos que se trata dunha primeira cita para Galicia. É pouco frecuente no mundo, e tampouco a recolle a base de datos GBIF para España e Portugal, polo que podería ser tamén unha primeira para a Península Ibérica (*Cribraria macrocarpa in* GBIF Secretariat, 2021).

***Cribraria splendens* (Schrad.) Pers.**, *Syn. meth. fung.*, 1: 191. 1801

Pontevedra: Cangas, Praia de Limens, 29TNG1578, sobre madeira de conífera semienterrada, 26/10/2017, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 180. [Fig. 5]

Seguindo as claves de Poulain *et al.,* (2011), o pé de *C. splendens* debería ser mais longo co observado. Pero, a



Fig. 5 *Cribraria splendens*; a) esporocarpo, b) esporas, c) fragmento do capilicio, d) detalle do nódulo recuberto de granulacións.

ausencia de calículo e os nódulos alongados e irregulares con recubrimentos pretos e granulosos, xunto coas esporas de 5-6,5 µm lévannos a identificala como esta especie. *C. martinii* podería ser o taxon que máis se asemella o noso material, pero os nódulos do capilicio son redondeados e máis regulares, e ten a zona do calículo máis marcada.

Primeira cita para Galicia. Tal como ocorre coa especie anterior, ai moi poucos rexistros nas bases de datos, non atopándose ningún tampouco para a Península Ibérica (*CRIBRARIA SPLENDENS in* GBIF SECRETARIAT, 2021).

***Cribraria vulgaris* Schrad.**, *Nov. Gen. Pl. [Schrader]*, pl. 6. 1797

PONTEVEDRA: Mos, 29TNG3373, madeira de *Pinus pinaster*, 15/08/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 35. Salceda de Caselas, San Xurxo, A Laxe, 29TNG3662, sobre toco de *Pinus pinaster*, 18/08/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo E221. *Ibidem*, sobre madeira degradada de *Pinus pinaster*, 3/05/2020, Óscar Requejo, GMG-myxo 434.

***Diachea leucopodia* (Bull.) Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 190. 1874

*OURENSE: Punxín, 29TNG8192, sobre follas baixo *Juglans regia*, 11/12/2010, José Rodríguez, GMG-myxo 18. A Peroxa, espazo protexido O Castelo, 29TNG9999, sobre follas descompostas sen identificar, 7/11/2015, José Rodríguez, GMG-myxo 152. A Peroxa, 29TNG9898, sobre restos herbáceos, 13/12/2016, José Rodríguez, GMG-myxo 155.

PONTEVEDRA: Ponteareas, Cristiñade, Fraga do Rei, 29TNG3765, sobre *Rubus fruticosus*, 10/10/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 19. Mos, parque As Pedriñas, 29TNG2772, sobre herbas, 10/11/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 95. Salceda de Caselas, San Xurxo, rio Caselas, 29TNG3662, sobre folla de *Quercus robur*, 2/01/2019, GMG-myxo 294. *Ibidem*, A Picoña, rio Caselas, 29TNG3662, sobre follas de *Quercus robur*, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 302. *Ibidem*, rio Landres, 29TNG3663, sobre *Rubus fructicosus*, follas de *Salix atrocinerea* e restos herbáceos, 2/01/2019, GMG-myxo 378.

***Diderma hemisphaericum* (Bull.) Hornem.**, *Fl. dan.*, 11(33): 13. 1829

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Picoña, rio Caselas, 29TNG3662,

sobre follas de *Alnus glutinosa*, *Quercus robur* e *Corylus avellana*, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 303. *Ibidem*, sobre *Rubus fructicosus*, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 304. Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre follas de *Salix atrocinerea*, 10/02/2020, Óscar Requejo, GMG-myxo 391.

***Didymium clavus* (Alb. & Schwein.) Rabenh.**, *Deutschl. Krypt.-Fl.*, 1: 280. 1844

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Picoña, rio Caselas, 29TNG3662, sobre cortiza de *Robinia pseudoacacia*, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 308.

***Didymium melanospermum* (Pers.) T.Macbr.**, *N. Amer. Slime-moulds*: 88. 1899

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Picoña, rio Caselas, 29TNG3662, sobre pequena pola sen identificar, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 307. Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre cortiza de *Populus nigra*, 20/04/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 349.

***Didymium nigripes* (Link) Fr.**, *Syst. mycol.*, 3(1): 119. 1829

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, As Covas, 29TNG3662, sobre follas de *Alnus glutinosa*, 15/02/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 211. *Ibidem,* A Picoña, rio Caselas, 29TNG3662, sobre follas e pequenas polas de caducifolios e *Laurus nobilis*, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 305. *Ibidem*, sobre madeira sen identificar, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 306.

***Didymium squamulosum* (Alb. & Schwein.) Fr. & Palmquist**, *Symb. gasteromyc.*, 3: 19. 1818

LUGO: O Corgo, A Fervenza, 29TPH2049, sobre follas descompostas sen identificar, 13/12/2014, José Rodríguez, GMG-myxo 151.

***Enerthenema papillatum* (Pers.) Rostaf.**, *Sluzowce monogr., suppl.*: 28. 1876

LUGO: Rábade, As Insuas, 29TPH1377, sobre pola de *Alnus glutinosa*, 15/04/2018, Óscar Requejo, GMG e Sociedade Micolóxica Lucus, GMG-myxo 223.

PONTEVEDRA: Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre tronco de *Quercus robur* tombado, 31/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 231.

***Fuligo septica* (L.) F.H.Wigg.**, *Prim. fl. holsat.* 112. 1780

A Coruña: Fisterra, Praia de Rostro, 29TMH7958, sobre planta herbácea sen identificar, en dunas, 18/02/2018, Floro Andrés, GMG-myxo 255.

Pontevedra: Salceda de Caselas, As Covas, 29TNG3662, sobre toco de *Pinus pinaster*, 28/09/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 41. *Ibidem*, sobre follas de *Quercus robur* e *Castanea sativa*, 9/05/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 70. *Ibidem*, sobre toco de *Pinus pinaster*, 8/08/2017, Óscar Requejo, GMG-myxo 177. O Covelo, Rio Xabriña, 29TNG5055, madeira de *Alnus glutinosa*, 30/05/2012, As Neves, Liñares, 29TNG4559, sobre madeira sen identificar, 10/09/2012, GMG-myxo 90. Óscar Requejo, GMG-myxo 85. Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre musgos e madeira sen identificar, 20/09/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 89. Nigrán, Camos, 29TNG1866, sobre follas de *Vitis vinifera*, 2/11/2012, Floro Andrés, GMG-myxo 98. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre toco de *Eucalyptus globulus* e terra, 16/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 234. Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre tronco de *Pinus pinaster* e restos orgánicos, 12/10/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 379.

***Hemitrichia calyculata* (Speg.) M.L.Farr**, *Mycologia*, 66(5): 887. 1974

A Coruña: Boqueixón, Illa de Gres, 29TNH5438, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 15/02/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 323.

Pontevedra: Mos, 29TNG3473, sobre madeira de *Castanea sativa*, 16/10/2016, Floro Andrés, GMG-myxo 186.

***Hemitrichia clavata* (Pers.) Rostaf. *in* Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 27-28: 75. 1873

*A Coruña: Santa Marta de Ortigueira, 29TNJ9238, madeira de *Pinus* sp., 27/02/2013, Floro Andrés, GMG-myxo 110.

Pontevedra: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre madeira de *Quercus robur*, 15/01/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 104. *Ibidem*, Entenza, 29TNG3759, sobre madeira sen identificar, 4/02/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 105. O Covelo, Parapños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira de *Corylus avellana*, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 258.

2ª cita para Pontevedra (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2017).

***Hemitrichia leiocarpa* (Cooke) List.**, *Monogr. mycetozoa, ed. 1*: 177. 1894

*Pontevedra: A Estrada, 29TNH4390, sobre madeira morta en charca, 17/04/2011, Merche Nodar, GMG-myxo 33.

Leocarpus fragilis (Dicks.) Rostaf., *Sluzowce monogr.*: 132. 1874

Ourense: O Carballiño, Parque do Arenteiro, 29TNG7497, sobre rama de *Eucalyptus globulus*, 18/11/2018, Óscar Requejo e GMG, GMG-myxo 272. *Ibidem*, sobre piña de *Peudotsuga menziesii*, 18/11/2018, Óscar Requejo e GMG, GMG-myxo 273.

Pontevedra: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre herbas, 4/12/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 101. Tomiño, Praia de Eiras, 29TNG1741, sobre herbas e agullas de *Pinus pinaster*, 24/11/2019, José Rodríguez e Floro Andrés, GMG-myxo E255.

***Lindbladia tubulina* Fr.**, *Summa veg. Scand.*, 2: 449. 1849

Pontevedra: Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre toco de *Pinus pinaster*, 11/11/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 50. Mos, 29TNG3373, sobre toco de *Pinus pinaster*, 7/07/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 81. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre toco de *Pinus pinaster*, 28/09/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 124. *Ibidem*, sobre toco de *Pinus pinaster*, 17/11/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 283.

2ª cita para Pontevedra (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2012).

***Lycogala epidendrum* (L.) Fr.**, *Syst. mycol.*, 3(1): 80. 1829

Lugo: Abadín, Romariz, Fraga Vella, 29TPJ2411, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 19/09/2018, GMG, GMG-myxo 253.

Ourense: Parada de Sil, 29TPG2188, sobre madeira de *Pinus* sp., 18/09/2011, Floro Andrés, GMG-myxo 46.

Pontevedra: O Grove, San Vicente do Mar, 29TNH0500, hábitat sen precisar, 15/02/2009, José Antonio Díaz y Antonio Prunell, GMG-myxo 11. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre madeira en descomposición, 31/08/2009, Óscar Requejo, GMG-myxo 79. Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre madeira de *Pinus* sp., 13/05/2012, Floro Andrés, GMG-myxo 75. Marín, Seixo, Río Loira, 29TNG2491, sobre tronco de *Salix atrocinerea* con musgos, 29/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 229. Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da

Misión, 29TNG3761, sobre tronco de *Quercus robur* tombado, 31/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 230. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre toco de *Eucalyptus globulus*, 15/04/2020, Óscar Requejo, GMG-myxo 431.

2ª cita provincial para Ourense (Ruíz & Eiroa, 2003). Nesta primeira cita aparece como *Lycogala epidendron* (sic) e non se menciona a conservación de *exsiccata*.

***Metatrichia floriformis* (Schwein.) Nann.-Bremek.**, *Proc. Kon. Ned. Akad. Wetensch., ser. C, Biol. Med. Sci.*. 88(1): 127. 1985

Pontevedra: Marín, Seixo, Río Loira, 29TNG2491, sobre madeira en descomposición baixo *Castanea sativa*, 11/04/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 219.

***Mucilago crustacea* P.Micheli ex F.H.Wigg.**, *Prim. fl. holsat.* 112. 1780

A Coruña: Ribadeo, Praia de Esteiro, 29TPJ4923, sobre musgo e agulla de *Pinus sp*., 13/12/2010, Cristina García, GMG-myxo 27. Ribeira, Praia do Vilar, 29TMH9711, sobre musgo e restos herbáceos, 20/02/2011, Floro Andrés, GMG-myxo 29. Zas, Baio 29TNH0376, sobre agulla de *Pinus pinaster*, 27/03/2011, Floro Andrés, GMG-myxo 26. Santa Marta de Ortigueira, 29TNJ9138, sobre herba, 17/02/2013, J.C. Alonso, GMG-myxo 109.

Lugo: Folgoso de Caurel, Moreda, 29TPH5421, sobre rama de *Prunus spinosa*, 7/12/2018, J.A.Gándara, GMG-myxo 289.

*Ourense: O Carballiño, Parque do Arenteiro, 29TNG7497, sobre planta herbácea sen identificar, 18/11/2018, Floro Andrés e GMG, GMG-myxo 274.

Pontevedra: Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, en dunas secundarias sobre plantas herbáceas, 5/11/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 51. *Ibidem*, 29TNG1279, sobre agullas de *Pinus pinaster* e plantas herbáceas, en duna, 24/02/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 215. Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre musgos en pedra, 27/12/2017, Óscar Requejo, GMG-myxo 187.

O material GMG-myxo 289 é unha segunda cita para Lugo (García Echave, *et al.*, 2015).

***Perichaena corticalis* (Batsch) Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 293. 1875

PONTEVEDRA: Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre cortiza en pola de *Populus nigra*, 20/04/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 330. [Fig. 6]

Segunda cita para Galicia (REQUEJO & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, 2020).

Fig. 6 *Perichaena corticalis*

***Perichaena depressa* Lib.**, *Pl. crypt. Arduenna*, 4: 378. 1837

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre tronco de *Quercus robur*, 8/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 205. Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre *Agave americana* seca, 24/02/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 215.

***Perichaena vermicularis* (Schwein.) Rostaf.**, *Sluzowce monogr., suppl.*: 34. 1876

*PONTEVEDRA: O Porriño, Budiño, Vitureira, 29TNG3262, en madeira de *Phoenix canariensis*, 21/01/2013, Óscar Requejo, GMG-myxo 103. [Fig. 7]

***Physarum album* (Bull.) Chevall.**, *Fl. gén. env. Paris*, 1: 336. 1826

Fig. 7 *Perichaena vermicularis*

PONTEVEDRA: A Estrada, 29TNH4390, sobre cortiza de *Quercus robur*, 20/11/2017, Merche Nodar, GMG-myxo 178. *Idem*, GMG-myxo 179. Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre tronco de *Quercus robur* con *Terana caerulea*, 28/12/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 295. *Ibidem*, sobre tronco de *Quercus robur*, 28/12/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 296.

***Physarum bivalve* Pers.**, *Ann. Bot. (Usteri)*, 15: 5. 1795

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre follas de *Quercus robur* e plantas herbáceas, 19/12/2017, Óscar Requejo, GMG-myxo 182. *Ibidem*, sobre follas de *Quercus robur*, 18/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 194. *Ibidem*, A Picoña, 29TNG3662, sobre *Rubus fructicosus* e follas, 2/01/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 301. Bueu, Illa de Ons, 29TNG0591, en cámara húmida MCH908(ONS), 4/09/2019, Floro Andrés, GMG-myxo 380. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre landras de *Quercus robur*, 2/11/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 441. *Ibidem*, sobre follas de *Quercus robur*, 2/11/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 442.

***Physarum cinereum* (Batsch) Pers.**, *Neues Mag. Bot.*, 1: 89. 1794

PONTEVEDRA: Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre pola caída de *Populus nigra*, 20/04/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 329.

***Physarum didermoides* (Pers.) Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 97. 1874

PONTEVEDRA: Nigrán, Camos, 29TNG1866, sobre restos de herba cortada, 12/12/2010, Floro Andrés, GMG-myxo 40. [Fig. 8]



Fig. 8 *Physarum didermoides*; a-b) esporocarpos no seu hábitat, c) detalle dos esporocarpos, d) esporas.

O tamaño relativamente groso das esporas dos nosos exemplares, de diámetro medio 13,3±0,7 (11,1-14,9) µm, nos confirman a identificación desta especie fronte á outras posibles de características morfolóxicas semellantes, como poderían ser, *P. cinereum*, *P. daamsii* o *P. diderma*, pero de dimensións esporais moito máis pequenas.

Novidade para o catálogo galego, non é moi abundante na Península Ibérica, onde tan só hai outros catro rexistros. (*PHYSARUM DIDERMOIDES in* GBIF SECRETARIAT, 2021). Unha frutificación abundante como a atopada é considerada frecuente nesta especie (MARTIN & ALEXOPOULOS, 1969; STEPHENSON, 2021), ben sexa sobre herba (como é o noso caso) ou sobre follas ou cortizas.

***Physarum leucophaeum* Fr. & Palmquist**, *Symb. Gasteromyc.*, 3: 24. 1818

A CORUÑA: Boqueixón, Illas de Gres, 29TNH5438, sobre madeira de *Alnus glutinosa*, 15/02/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 324.

PONTEVEDRA: Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre tronco con musgos, 27/12/2017, Óscar Requejo, GMG-myxo 188. O Covelo, Paraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira sen Identificar, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 262. Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre cortiza de *Populus nigra*, 20/04/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 331.

***Physarum notabile* T.Macbr.**, *N. Amer. Slime-moulds, ed. 2*: 80. 1922

PONTEVEDRA: Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre *Carpobrotus edulis* e *Serpula himantioides*, 24/02/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 214.

***Physarum pusillum* (Berk. & M.A.Curtis) G.List. *in* List.**, *Monogr. mycetozoa, ed. 2*: 64. 1911

*OURENSE: Parada de Sil, 29TPG2289, sobre madeira de *Castanea sativa*, 24/11/2013, Floro Andrés, GMG-myxo 127.

***Reticularia intermedia* Nann.-Bremek.**, *Acta Bot. Neerl.*, 7: 773. 1958

*LUGO: Outeiro de Rei, Área recreativa Santa Isabel, 29TPH3062, sobre rama tombada de *Quercus robur*, 15/04/2018, Óscar Requejo, GMG e Sociedade Micolóxica Lucus, GMG-myxo 222.

***Reticularia lycoperdon* Bull.**, *Herb. France*, 10(109-120): pl. 446. fig. 4. 1790

PONTEVEDRA: O Carballiño, 29TNG7497, sobre raíz de Pinus sylvestris, 22/04/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 67. A Guarda, Camposancos, 29TNG1035, sobre toco de *Pinus pinaster*, 25/02/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 58. O Covelo, Paraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira sen Identificar, 30/06/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 84. *Ibidem,* sobre *Alnus glutinosa*, 30/06/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 319.

***Stemonitis flavogenita* E.Jahn**, *Verh. Bot. Vereins Prov. Brandenburg*, 45: 165. 1904

PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre tronco de *Quercus robur*, 18/08/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 366. [Fig. 9]

Fig. 10 *Stemonitis flavogenita*

Atopamos, tan só en GBIF (*STEMONITIS FLAVOGENITA in* GBIF SECRETARIAT, 2021), unha única referencia para Galicia e Pontevedra no concello de Bueu (MA-Fungi 89100), conservada no herbario do Real Jardín Botanico de Madrid (PANDO, 2018).

***Stemonitis fusca* Roth *in* Roem. & Usteri**, *Mag. Bot.*, 1(2): 26. 1787

PONTEVEDRA: Forcarei, 29TNH5315, madeira sen identificar, 14/06/2009, José Antonio Díaz e Floro Andrés. GMG-myxo 30. Mos, 29TNG3373, madeira de *Pinus pinaster*, 15/08/2011, Óscar Requejo. GMG-myxo 36. Salceda de Caselas, A Picoña, Coto da Cruz, 29TNG3664, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 11/05/2012, Manuel Domínguez e Óscar Requejo, GMG-myxo 74. Cangas, Praia de Barra, 29TNG1278, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 13/05/2012, Floro Andrés, GMG-myxo 76. Marín, Seixo, Río Loira, 29TNG2491, sobre madeira caída e follas de *Hedera hibernica*, 29/05/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 228. O Covelo, Parraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre tronco de *Alnus glutinosa*, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo

266. Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre tronco de *Quercus robur*, 3/05/2020, Óscar Requejo, GMG-myxo 435.

***Stemonitis splendens* Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 195. 1874

PONTEVEDRA: O Covelo, Paraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira de *Quercus robur* con musgos, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 264. *Ibidem*, sobre madeira sen identificar en bosque con *Quercus robur*, *Alnus glutinosa*, e *Corylus avellana*, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 265.

****Stemonitopsis gracilis* (G.List.) Nann.-Bremek.**, *Ned. Myxomyc.*: 21. 1975

PONTEVEDRA: O Covelo, Paraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira de *Corylus avellana*, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 267. [Fig. 10]



Fig. 9 *Stemonitopsis gracilis*; a) esporocarpos, b) esporas, c) ápice da columela sinuosa, d) detalle da rede superficial formada polo capilicio.

Esporocarpos gregarios ata case 3 mm de altura de cor parda lilácea. Pé curto, de 1/5 do esporocarpo. O capilicio forma unha rede superficial fragmentada coas mallas sen espiñas nin

terminacións libres, a columela e sinuosa no tramo final e non chega ao ápice da esporoteca, esporas finamente verrugosas de 5,6-7 µm. Unha especie semellante pero que se caracteriza polas esporas moito máis grosas, de 8-10 µm, é *S. subcaespitosa*.

É unha nova primeira cita para Galicia, e podería ser unha segunda cita para a Península Ibérica pois na base de datos GBIF só se menciona outro rexistro, este no País Vasco (*Stemonitopsis gracilis in* GBIF Secretariat, 2021).

***Trichia affinis* de Bary *in* Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 23-24: 336. 1870

Lugo: Rábade, As Insuas, 29TPH1377, sobre folla de *Rubus fruticosus*, 15/04/2018, Óscar Requejo, GMG e Sociedade Micolóxica Lucus, GMG-myxo 226.

Trátase dunha segunda cita para Galicia, procedendo tamén a primeira da provincia de Lugo (Cabo Rey, 2002).

***Trichia botrytis* (J.F.Gmel.) Pers.**, *Neues Mag. Bot.*, 1: 89. 1794

Pontevedra: Mos, 29TNG3373, madeira de *Pinus pinaster*, 10/02/2011, Óscar Requejo, GMG-myxo 34.

***Trichia contorta* (Ditmar) Rostaf.**, *Sluzowce monogr.*: 259. 1875

*Pontevedra: Tomiño, Figueiró, 29TNG2045, sobre cortiza de *Populus nigra*, 20/04/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 327. *Ibidem*, sobre pola caída de *Populus nigra*, 20/04/2019, Óscar Requejo, GMG-myxo 328.

***Trichia decipiens* (Pers.) T.Macbr.**, *N. Amer. Slime-moulds*: 218. 1899

Lugo: Rábade, As Insuas, 29TPH1377, sobre madeira de caducifolio sen identificar, 15/04/2018, Óscar Requejo, GMG e Sociedade Micolóxica Lucus, GMG-myxo 224. Pedrafita do Cebreiro, Faial de Liñares, 29TPH5729, madeira sen identificar en bosque con *Fagus sylvatica*, *Betula celtiberica* e *Corylus avellana*, 7/12/2018, J.A.Gándara e Óscar Requejo, GMG-myxo 291. *Idem*, GMG-myxo 292.

Pontevedra: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre madeira queimada, 20/01/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 199. Bueu, Chans, 29TNG1984, sobre madeira de *Castanea sativa*, 4/04/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 225. *Ibidem*, sobre pola caída de

Castanea sativa con liques e fungos corticiáceos, 6/04/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 241. Marín, Seixo, Río Loira, 29TNG2491, sobre *Salix atrocinerea* tombado, 29/05/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 249. O Covelo, Paraños, rio Xabriña, 29TNG5055, sobre madeira de *Corylus avellana*, 13/07/2018, Óscar Requejo, GMG-myxo 263.

***Trichia persimilis* P.Karst.**, *Not. Sällsk. Fauna Fl. Fenn. Förh*, 9: 353. 1868

*Ourense: Punxín, 29TNG8090, sobre restos descompostos de *Quercus* sp., 17/04/2011, Floro Andrés, GMG-myxo 25.

Pontevedra: Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre tronco de *Quercus robur*, 27/12/2017, Óscar Requejo, GMG-myxo 189. Cangas, Praia de Barra, 29TNG1279, sobre cortiza de *Salix atrocinerea*, 24/02/2018, Santy Corral e Óscar Requejo, GMG-myxo 216.

***Trichia varia* (Pers. ex J.F.Gmel.) Pers.**, *Neues Mag. Bot.*, 1: 90. 1794

*Ourense: Parada de Sil, 29TNG7598, sobre folla e cortiza de *Quercus* sp., 24/11/2013, Antonio Prunell, GMG-myxo 129.

Pontevedra: Salvaterra de Miño, Cabreira, Campo da Misión, 29TNG3761, sobre madeira de *Eucalyptus globulus*, 22/12/2012, Óscar Requejo, GMG-myxo 100.

***Tubifera ferruginosa* (Batsch) J.F.Gmel.**, *Syst. nat., ed. 13 (Leipzig)*, 2(2): 1472. 1792

=*Tubulifera arachnoidea* Jacq., *Misc. Austriac.*, 1: 144. 1779

*Pontevedra: Cangas, Praia de Barra, 29TNG1279, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 24/02/2008, Óscar Requejo, LOU-Fungi 19682. [Fig. 11]

Segunda cita para Galicia (Cabo Rey, 1995). Nesta primeira cita aparece como *Tubulifera arachnoidea* Jacq.

***Willkommlangea reticulata* (Alb. & Schwein.) Kuntze**, *Revis. gen. pl.*, 2: 875. 1891

*Pontevedra: Salceda de Caselas, A Laxe, 29TNG3662, sobre tronco de *Quercus robur*, 21/12/2017, Óscar Requejo, GMG-myxo 181. [Fig. 12]

Segunda cita para Galicia (Cabo Rey, 1995).

Fig. 11 *Tubifera ferruginosa*

Fig. 12 *Willkommlangea reticulata*

Neste traballo recóllense 182 novos rexistros de *Myxomycetes* atopados ao longo da xeografía galega nos derradeiros doce anos, o que supón unha considerable aportación corolóxica para

a nosa comunidade. Corresponden a 60 taxa das que se aportan datos sobre a súa ecoloxía, localización xeográfica precisa, data de frutificación, hábitat e substrato. Entre elas, 6 son primeiras citas para Galicia (*Badhamia nitens* Berk., *Comatricha anomala* Rammeloo, *Cribraria macrocarpa* Schrad., *Cribraria splendens* (Schrad.) Pers., *Physarum didermoides* (Pers.) Rostaf., e *Stemonitopsis gracilis* (G.List.) Nann.-Bremek.), 6 segundas citas, das que 3 son novos rexistros na provincia e 15 novas citas provinciais: 2 en A Coruña, 1 en Lugo, 7 en Ourense, e 5 en Pontevedra. Inclúense os dous primeiros rexistros de *Myxomycetes* procedentes da Illa de Ons (Pontevedra).

Agradecementos

A todos os membros do GMG pola súa estimulante compaña nos mostraxes e o entusiasmo na aportación de exemplares para estudo. Son citados como *legit* no rexistro dos correspondentes *taxa*. A Santy Corral, Merche Nodar, Manuel Domínguez Rey e J.A. Gándara por as súas aportacións de material.

Referencias bibliográficas

Badhamia nitens Berk. *in* GBIF Secretariat. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/3214281* [consulta: 29/07/2021]

Cabo Rey, L. 1995. Aportación al catálogo de *Myxomycetes* de Galicia II. *Bol. Soc. Mic. Madrid*, 20: 59-69.

Cabo Rey, L. 2002. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, IV. *Mykes*, 5: 3-7.

Comatricha anomala Rammeloo, Bull. *in* GBIF Secretariat. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/3213106* [consulta: 26/07/2021]

Cribraria macrocarpa Schrad. *in* GBIF Secretariat. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/5425904* [consulta: 29/07/2021]

Cribraria splendens (Schrad.) Pers. *in* GBIF Secretariat. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/5425900* [consulta: 29/07/2021]

García-Echave, M.C., Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O., 2014. Aportación ao coñecemento dos *Myxomycetes* na provincia de Lugo. *Mykes*, 17: 55-62.

Lado, C. 2005-2021. An on line nomenclatural information system of *Eumycetozoa*. Real Jardín Botánico, CSIC. Madrid, Spain. Última actualización 16/9/2021. Dispoñible en: *https://eumycetozoa.com/data/index.php* [Consulta: 2/7/2021]

Lado, C. & Eliasson, U. 2017. *Taxonomy and Systematics: Current Knowledge and approaches on the taxonomic treatment of Myxomycetes*. In Stephenson & Rojas. 2017*. Myxomycetes. Biology, systematics, biogeography and ecology*. London. Elsevier. Academic Press.

Lado, C. & Rojas, C. 2020. *Guía para el estudio de la taxonomía y ecología de Myxomycetes*. Costa Rica. Ed. Los autores.

Leontyev, D.W., Schnittler, M., Stephenson, S.L., Novozhilov, Y.K., Shchepin, O.N. 2019. Towards a phylogenetic classification of the *Myxomycetes*. *Phytotaxa*, 399(3): 209-238. DOI: *https://doi.org/10.11646/phytotaxa.399.3.5*

Martin, G.W. & Alexopoulos, C.J. 1969. *The Myxomycetes*. Iowa. Univ. Of Iowa Press.

Nannenga-Bremekamp, N.E. 1991. *A Guide to Temperate Myxomycetes*. Bristol. Biopress Limited.

Pando, F. 2018. Flora Mycologica Iberica Project database. CSIC-Real Jardín Botánico. Occurrence dataset *https://doi.org/10.15468/sssx1e accessed* via GBIF.org on 2021-07-28.

Physarum didermoides (Pers.) Rostaf. *in* GBIF Secretariat. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/3214659* [consulta: 29/07/2021]

Poulain, M., Meyer, M. & Bozonnet, J. 2011. *Les myxomycètes*. Fédération Mycologique et Botanique Dauphiné-Savoie. Ed. Sévrier.

Rammeloo, J. 1976. *Comatricha anomala*, a new *myxomycete* from Belgium. *Bull. Jard. Bot. Belg*., 46(1-2): 237-240.

Requejo, O. & Andrés-Rodríguez, N.F. 2012. Catálogo de *Myxomycetes* (*Protozoa*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes*, 15: 91-107.

Requejo, O. & Andrés-Rodríguez, N.F. 2017. *Myxomycota* das Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) I. *Mykes*, 20: 39-60.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2020. *Myxomycota* das Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) II. *Mykes*, 23: 17-46.

RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2020. MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Actualizado 30/4/2020. Dispoñible en: *https://www.mykes.es/busquedas* [Consulta: 2/7/2021].

RUÍZ LEIVAS, C. & EIROA GARCÍA-GARBAL, J.A. 2003. Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos. *Cad. Fraseol. Galega*, 4: 371-387.

STEMONITIS FLAVOGENITA E. Jahn, *in* GBIF SECRETARIAT. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/5425729* [consulta: 28/07/2021]

STEMONITOPSIS GRACILIS (G. List*.)* Nann.-Bremek*.,. in* GBIF SECRETARIAT. 2021. GBIF Backbone Taxonomy. *https://doi.org/10.15468/39omei* Accessed via *https://www.gbif.org/species/3212868* [consulta: 29/07/2021]

STEPHENSON, S.L. 2021. *Secretive Silme Moulds. Myxomycetes of Australia.* Camberra (Australia). Australian Biological Resources Study.

MYKES
VOLUME 24, 2021
ÍNDICE

MICOBIOTA

CASTRO, M.L.
Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (III):
freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção..... 9

CASTRO, M.L.
Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes (V): «Parque Biológico de Vinhais» (II)..... 37

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M.L.
Catálogo das ordes Leotiales e Pezizales (Ascomycota) e Boletales, Cantharellales, Geastrales e Phallales
(Basidiomycota) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España)..... 49

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Agaricales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 69

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Boletales, Cantharellales e Polyporales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 89

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F.
Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de Myxomycetes (Amoebozoa)
de Galicia (NO. da Península Ibérica)..... 101

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

GAREA, M. & REQUEJO, O.
Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390..... 131

COMUNICACIÓNS

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M. L.
Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España):
descrición, proposta de sinalización e divulgación..... 137

ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O.
Estado actual do estudo dos Myxomycetes (Eumycetozoa) en Galicia (NO. Península Ibérica) I:
Antecedentes históricos..... 145

CASTRO, M. L.
Clave xénero Pisolithus (Sclerodermataceae)..... 159

MISCELÁNEAS

Actividades do Grupo Micolóxico Galego. Ano 2021 167

Instrucións aos autores..... 169

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA